

DAVID OTERO

Os tres Davides que entran coma min na nosa casa gastan a mau aberta das entregas. As súas idades están entre os quince e os oitenta e oito anos de andadura. Na intermedia das cronoloxías acouga quen dá título a esta crónica. Son amigos nosos, leais e de varudo corpo, merecentes de honra e dos agradecementos da comunidade á que dan ledicia e cumprimentos. Os Goliat da vida que nos toca o birimbao de cando en moitas veces, arrédanse do seu camiño ou prantan silvas voraces nas gabias do seu paso, cando é a noite e o silencio. Son, porén, aínda máis así, fermosos de obra, namorados da creación e do progreso. David Otero é da miña quinta (non falamos do tempo militar, senón da nosa tenza común onde agroman as palabras de Galicia). A vila da Estrada celebra hoxe canda a voz do cacarexo a homenaxe a este muiñeiro da nosa caste e Literatura, que non cobra maquía, que nunca pecha a auga. A Terra de Tabeirós, Melide, O Baño, Deza, A Ulloa, Camba, Compostela...saben do seu paso de lebre e de galgo cando é necesaria a súa axuda, o sorriso, a lucidez. Lembrarei por toda a miña vida aquela mañá do trinta de xullo de hai uns poucos anos, as nove eran no reloxo do sol, eles (David e Avelino Pousa) petando na porta da casiña labrega de Quian para asistirmos de agarimo á memoria debida ao alcalde republicano Primo Castro Vila, que era boiño e moraba nas agras do esquecemento. Pois velaí, noso amigo David, que somos arrieiros e andamos légoas contra o pronóstico dos pícaros. Non faltes esta solporecida de maio, dezasete, na baiuca dos teus soños para estarmos un século máis de conto e canto, felices nesta Casa.

Xosé Vázquez Pintor